



XENERAIS  
DA ULLA

# ENTROIDO GASTRONÓMICO E DE TURISMO RURAL

DO 30 DE XANEIRO  
AO 14 DE FEBREIRO DE 2016




Edita/Textos:  
Grupo de 8 concellos para  
promoción turística conxunta  
do Entroido Rural Tradicional  
dos Xenerais da Ulla

Secretaría técnica:  
Promove Consultoría e  
Formación S.L.

Deseño  
Tamara Vila Dacal

Impresión  
Artes Gráficas Alonso S.L.

Agradecementos fotografías:  
Pepe López  
Casa da Torre Branca  
José Antonio Sanjurjo  
Mosquera  
Adolfo Enríquez | Turismo de  
Galicia  
Marcos Míguez  
Jesús Varela López  
Gloria Ferreiro Nieto  
Área Santiago



# A Ulla

## Descubrir

A Ulla é unha comarca natural do interior de Galicia. O magnífico río Ulla, rico en troitas, salmóns e lampreas, articula esta bela comarca, dominada pola silueta do monte Pico Sacro, o cumio máis mítico de Galicia.

Ademais de Santiago de Compostela, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago, que atravesa toda a zona, nela están os belísimos pazos de Oca e Ribadulla. Os seus xardíns, declarados “Monumento Histórico-Artístico”, locen especialmente na época do Entroido, ategados de camelias (nesta zona están catro do total de doce xardíns que forman parte da famosa Ruta da Camelia).

Pero hai moito máis. A verde paisaxe de montes e vales sucada de ríos e sendeiros, as antigas igrexas e mosteiros, a arquitectura popular e a autenticidade da súa xente, fan dela un territorio de altísimo interese para os **amantes da natureza, do turismo activo, da tranquilidade, do bo comer, das visitas culturais e das tradicións ancestrais, como o Entroido Rural Tradicional dos Xenerais da Ulla.**

## Descansar

Variedade e calidade caracterizan aos aloxamentos da Ulla: hoteis, incluíndo os hoteis-monumento, pensións, albergues turísticos, áreas de autocaravanas, mesmo un balneario e, como non, **encantadoras casas de turismo rural**, aos que hai que engadirille toda a oferta de aloxamento da cidade de Santiago de Compostela, a só uns pasos.



## Os Xenerais da Ulla

Os Xenerais da Ulla é o Entroido rural tradicional que se celebra na comarca da Ulla, nas inmediacións da cidade de Santiago, desde a primeira metade do século XIX.

Os personaxes máis importantes son os Xenerais e os Correos a cabalo. Estes percorren as parroquias ao longo do día dando vivas a veciños e visitantes, acompañados dun “exército” de abandeirados, coros, comparsas e parrandas e rematan escenificando un atranque ou alto, que consiste nun enfrontamento dialéctico por parellas, aproveitado para facer burla e sátira de asuntos locais, de política ou do corazón, acontecidos durante o ano.

Os atavíos, tanto dos Xenerais, que lembran ás vestimentas militares decimonónicas, como dos Correos e dos cabalos, chaman a atención pola súa tradición, orixinalidade, colorido e grao de elaboración, o que fai que teñan un valor único.

Dunha parroquia a outra o Entroido da Ulla presenta pequenas diferenzas, mantendo cada un deles trazos definitorios que os fan únicos e interesantísimos desde un punto de vista cultural e antropolóxico: unha auténtica expresión do Entroido tradicional galego.

En vista do seu altísimo valor, en setembro de 2013 esta tradición carnavalesca dos Xenerais da Ulla foi declarada Festa de Interese Turístico de Galicia.

O Entroido dos Xenerais da Ulla celébrase en 2016 entre o 30 de xaneiro e o 28 de febreiro, e consta actualmente de case unha trintena de celebracións noutros tantos lugares e parroquias dos Concellos de: A Estrada, Boqueixón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces.



# Calendario do Entroido da Ulla

Os Atranques e Comparsas do Entroido Tradicional da Ulla podemos enconralos nas parroquias e lugares da Ulla nas seguintes datas\*:

Sábado 30 de xaneiro

**Lamela** [Silleda](#)

Campo da festa [42° 44' 15" / 8° 19' 21"]  
18:00h.

**Marrozos** [Santiago de Compostela](#)

Campo da festa [42° 50' 22" / 8° 29' 50"]  
19:00 h.

**Vilanova** [Vedra](#)

Campo da festa de Picón  
[42° 47' 17,28" / 8° 26' 34,98"]  
18:30 h.

**Reis** [Teo](#)

Campo da festa [42° 46' 17,9" / 8° 33' 10,1"]  
19:30 h.

Domingo 31 de xaneiro

**Bama** [Touro](#)

Campo da festa [42° 52' 45" / 8° 21' 58"]  
16:00 h.

**Merza** [Vila de Cruces](#)

Campo da festa [42° 46' 9" / 8° 15' 34"]  
16:30 h.

**Angrois** [Santiago de Compostela](#)

Campo da festa de Soutiño  
[42° 51' 35" / 8° 31' 41"]  
19:00 h.

**Reis** [Teo](#)

Campo da festa [42° 46' 17,9" / 8° 33' 10,1"]  
19:30 h.

Venres 5 de  
febreiro

**Fonte Díaz Touro**  
Feira do Entroido  
Campo da Festa [42° 51' 5" / 8° 18' 55"]  
12:00 h.

Sábado 6 de  
febreiro

**A Bandeira Silleda**  
Praza da Feira [42° 43' 49" / 8° 18' 10"]  
17:30 h.

**Santa María de Teo Teo**  
Campo da festa [42° 45' 52,5" / 8° 31' 14,3"]  
20.00 h.

**Aríns Santiago de Compostela**  
Campo da festa na rúa San Mariño  
[42° 51' 50" / 8° 30' 14"]  
18:30 h.

**Cacheiras Teo**  
Campo da festa [42° 49' 17,8" / 8° 32' 38,2"]  
20.00 h.

Domingo 7 de  
febreiro

**Piloño Vila de Cruces**  
Campo da festa [42° 47' 55" / 8° 15' 31"]  
16:30 h.

**Couso A Estrada**  
Campo da festa [42° 44' 56,74" / 8° 32' 52,49"]  
19:00 h.

**O Eixo Santiago de Compostela**  
Carballeira do Souto, Sta. Lucía  
[42° 50' 52,74" / 8° 31' 25,36"]  
19:00 h.

**Sergude Boqueixón**  
Campo da festa [42° 49' 38" / 8° 27' 48"]  
19:30h.

**Trobe Vedra**  
Campo da festa-Local multiusos  
[42° 45' 57' 5" / 8° 30' 20,4"]  
19:00h

**Cacheiras Teo**  
Campo da festa [42° 49' 17,8" / 8° 32' 38,2"]  
20:00 h.

Martes 9 de  
febreiro

**Fao Touro**  
Campo da festa [42° 50' 53" / 8° 17' 58"]  
16:00 h.

**Entroido Municipal da Estrada A Estrada**  
Campo da Feira [42° 41' 25,43" / 8° 29' 11,83"]  
19:30 h.

Sábado 13 de  
febreiro

**Arnois A Estrada**  
Campo da festa [42° 45' 51,4" / 8° 24' 28,0"]  
19:00 h.

**San Xián de Sales Vedra**  
Campo da festa [42° 48' 55,1" / 8° 30' 41,4"]  
19:00 h.

**Santeles A Estrada**  
Campo da festa [42° 44' 24,13" / 8° 29' 26,682"]  
19:00 h.

**Bamonde Teo**  
Campo da festa [42° 78' 40,55" / 8° 51' 12,29"]  
20:00 h.

Domingo 14 de  
febreiro

**Salgueiros Vila de Cruces**  
Campo da festa [42° 49' 2" / 8° 15' 42"]  
16:00 h.

**Lestedo Boqueixón**  
XXXII Festa da Filloa [42° 47' 55" / 8° 28' 11"]  
17:00 h.

**Vilariño Teo**  
Campo da festa [42° 46' 23" / 8° 31' 40"]  
20:00 h

**Santeles A Estrada**  
Campo da festa [42° 48' 55,1" / 8° 30' 41,4"]  
19:00 h.

Domingo 28 de  
febreiro

**Atranque Municipal de Vedra nas  
Xornadas arredor da Camelia Vedra**  
Santa Cruz de Ribadulla  
[42° 46' 21" / 8° 25' 34"]  
17:00 h.



## Entroido gastronómico

### Comer na Ulla no Entroido

A gastronomía é un dos principais atractivos da zona da Ulla, xa que a nosa é unha comarca produtora, entre outros, de **queixos, viños albariños, augardentes e licores** con Denominación de Orixe Protexida, pero tamén de **carnes, filloas, melindres e mesmo lampreas** características da nosa gastronomía na época de Entroido.

**O Entroido** é por excelencia o tempo da carne, como a tenreira e a galiña, aínda que o auténtico protagonista é o porco: o lacón, os chourizos e as cacheiras, o morro e as orellas, que xunto cos grelos e as patacas acompañadas de fabas ou garavanzos, compoñen o famoso **cocido galego**, o prato máis típico destas datas na Ulla e en toda Galicia.

Para acompañar ao cocido da Ulla nada mellor que un **viño tinto mencía**, producido na Ulla baixo a **Denominación de Orixe Protexida Rías Baixas – Subzona Ribeira do Ulla**.

Entre as sobremesas típicas do Entroido destacan as **filloas** (tortas salgadas de fariña de trigo, preparadas con manteiga de porco, que se consumen co cocido ou após da comida), as **orellas** de fariña e anís, e os **melindres e rosquillas**, sen esquecer ao atemporal **queixo con marmelo**, como non podía ser doutro xeito nunha comarca queixeira como a da Ulla.

Canto ao peixe típico da época do Entroido destaca a **lamprea**, xa que o río Ulla, no seu curso baixo, é un gran subministrador deste peixe único, que nesta tempada ten unha ampla presenza nas cartas dos restaurantes de toda esta zona.

Por todo isto convidámoste a que veñas gozar do Entroido dos Xenerais da Ulla e dos Menús con sabor a Entroido as **fines de semana do 30 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2016**. Bo proveito!

## Por favor, ten en conta

- Os Menús estarán dispoñibles os fins de semana de entroido do 30 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2016.
- Recoméndase reservar os menús con 3 días de antelación porque a elaboración dos cocidos requiren un proceso previo de desalgado.
- Os seguintes datos foron facilitados polos propios restaurantes da Ulla. O grupo dos oito concellos “Xenerais da Ulla”, que edita esta información, non se responsabiliza dos mesmos.
- Todos os prezos inclúen o IVE.
- Información válida agás erro tipográfico.

Infórmate máis en: [www.xeneraisdaulla.com](http://www.xeneraisdaulla.com)

## Entroido gastronómico no concello da Estrada

### Taberna Aurora

Santa Baia de Matalobos 2  
A Estrada  
Telf.: 986571643  
Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Pan de millo acompañado con chourizos da casa. **Segundo:** Cocido con grelos. **Sobremesa:** Filloas da pedra e orellas de entroido. **Bebidas:** Mencía da casa. **Outros:** Café con chupito.

*É preciso facer reserva deste menú.*

## Entroido gastronómico no concello de Boqueixón

### Casa de xantar Casa Castro

A Igrexa 14, Sergude  
Boqueixón  
Telf.: 981511823  
[luisbarcastro@gmail.com](mailto:luisbarcastro@gmail.com)  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Tosta de lacón con cebola caramelizada e queixo Arzúa gratinado, croquetóns caseiros de rexóns. **Primeiro:** Revolto do Entroido. **Segundo:** Lacón, pataca, grelos, chourizo, filloas. **Sobremesa:** Crema de queixo de Boqueixón con mel. **Bebidas:** Viño albariño 3 bancadas (Rías Baixas-Subzona Ribeira do Ulla), Marquesiño (mencía DO Valdeorras).

*É preciso facer reserva deste menú.*

## Entroido gastronómico no concello de Santiago de Compostela

### Gastrotaberna Esmorga

R/ Pintor Juan Luis (Pontepedriña)  
Santiago de Compostela  
Telf.: 881957449  
[gastrotabernaesmorga@hotmail.com](mailto:gastrotabernaesmorga@hotmail.com)  
Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido galego. **Sobremesa:** Orellas, filloas, queixo con marmelo, rosquillas. **Bebidas:** Viño mencía, godello, albariño, ribeiro. **Outros:** Viño Rioja, Ribera del Duero.

*É preciso facer reserva deste menú.*

### Restaurante Paz Nogueira

Castiñeiriño 14  
Santiago de Compostela  
Telf.: 981591436 / 981592016  
[info@restaurantepaznogueira.com](mailto:info@restaurantepaznogueira.com)  
[www.restaurantepaznogueira.com](http://www.restaurantepaznogueira.com)  
Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Lacón, unlla, orella, cacheira, carne fresca, costela, chourizo, patacas e grelos. **Sobremesa:** Tronco Xacobeo. **Bebidas:** Viño tinto crianza, D.O. Rioja Carlos Serres. **Outros:** Café.

*É preciso facer reserva deste menú.*

## Entroido gastronómico no concello de Silleda

### A Carballeira de Chousiño

R/ Carballeira do Chousiño 7  
Silleda  
Telf.: 663854433  
[joselutdh@yahoo.es](mailto:joselutdh@yahoo.es)  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Croquetas de bacallau. **Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido galego completo. **Sobremesa:** Filloas, orellas e queixo con marmelo. **Bebidas:** Viño ribeiro. **Outros:** Café e queimada.

*É preciso facer reserva deste menú 3 días antes.*

### Bodegón Esther

Outeiro 10  
Silleda  
Telf.: 986581029  
[bodegon.esther@hotmail.com](mailto:bodegon.esther@hotmail.com)  
[www.bodegonesther.com](http://www.bodegonesther.com)  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Pinchos variados (tortilla, orella, zorza...). **Primeiro:** Sopa ou empanada de bacallau (a escoller). **Segundo:** Cocido ou lacón con grelos (a escoller). **Sobremesa:** Orellas de entroido, filloas, queixo con marmelo. **Bebidas:** Viño mencía DO Rías Baixas-Subzona Ribeira do Ulla (Pazo de Galegos e Gundían). **Outros:** Auga, refrescos...

*É preciso facer reserva deste menú.*

### Casa de xantar A Culler

R/ Trasdeza 14  
Silleda  
Telf.: 986580332  
[casaculler@gmail.com](mailto:casaculler@gmail.com)  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Empanada caseira. **Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido galego completo: con grelos ou repolo, cacheira, lacón, touciño, chourizo, polo e tenreira. **Sobremesa:** Filloas, orellas, tarta de améndoa, leite frito e queixo con marmelo. **Bebidas:** Viño caseiro e auga mineral. **Outros:** Pan, café e licores caseiros galegos.

*É preciso facer reserva deste menú 3 días antes.*



### Casa Grande de Fuentemayor

Cobas 2, Cortegada  
Silleda  
Telf.: 986592001  
reservas@pazofuentemayor.com  
www.casagrandefuentemayor.com  
Prezo: 35 euros

**Entrantes:** Croquetas caseiras e canapés variados. **Primeiro:** Crema de legumes con carochos. **Segundo:** Solombo de porco celta ao queixo do Cebreiro con pataca palla. **Sobremesa:** Orelas de Entroido e filloas con mel. **Bebidas:** Viño mención, refresco ou cervexa. **Outros:** Café, infusións e licor.

*É preciso facer reserva deste menú 3 días antes.*

### Hotel Victorino

R/ Xeral, A Bandeira  
Silleda  
Telf.: 986585330  
hotelvictorino@hotmail.es  
www.hotelvictorino.com  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Empanada, tortilla. **Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido galego. **Sobremesa:** Orelas, filloas, queixo con marmelo, rosquillas. **Bebidas:** Viño mención, godello, albariño, ribeiro. **Outros:** Viño Rioja, Ribera del Duero.

*É preciso facer reserva deste menú.*

### Restaurante A Moa

R/ Cartagena 11  
Silleda  
Telf.: 986180277  
Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido galego completo. **Sobremesa:** Flores, orelas e filloas. **Bebidas:** Viño da casa. **Outros:** Cafés e licores.

*É preciso facer reserva deste menú 3 días antes.*

### Restaurante Conde Rey

R/ Xeral 27, A Bandeira  
Silleda  
Telf.: 986585861  
hostalconderey@gmail.com  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Croquetas caseiras de cocido ou filloas con chourizo (a escoller). **Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido con grelos ou repolo con cachucha, lacón, touciño, ósos, unllas, chourizo, polo e tenreira. **Sobremesa:** Filloas recheas, orelas ou canas. **Bebidas:** Viño mención, refrescos e auga mineral. **Outros:** Café de pota e licores galegos.

*É preciso facer reserva deste menú 3 días antes.*

### Restaurante González

R/ Antón Alonso Ríos 20  
Silleda  
Telf.: 986580156  
gonzalezrestaurante@gmail.com  
www.restaurantegonzalez.es  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Empanada caseira. **Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido con grelos ou repolo con cachucha, costela, garavanzos con chourizo e tenreira. **Sobremesa:** Filloas con mel e nata, orelas, queixo do país. **Bebidas:** Viño mención caseiro. **Outros:** Café e licores.

*É preciso facer reserva deste menú 3 días antes.*

### Restaurante O Que Dirán

Estrada Xeral, N-525, Margaride  
Silleda  
Telf.: 628132502  
restauranteoquediran@hotmail.com  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Sopa de cocido ou empanada. **Primeiro:** Media ración de polbo, de callos ou ameixas (a escoller). **Segundo:** Cocido completo. **Sobremesa:** Tortas variadas, filloas ou orelas. **Bebidas:** Viño mención caseiro. **Outros:** Café e licores.

*É preciso facer reserva deste menú 3 días antes.*

## Entroido gastronómico no concello de Touro

### Casa Louzao

R/ Castelao 14  
Touro  
Telf.: 881162214 / 629389932  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Croquetas, rixóns, empanada. **Primeiro:** Sopa de cocido ou caldo. **Segundo:** Cocido do Entroido (cachucha, morro, lacón, chourizo, grelos,...). **Sobremesa:** Filloas doces, orelas, bica. **Bebidas:** Viño Mención ou Rioja. **Outros:** Café e licores varios.

*É preciso facer reserva deste menú.*



### Pazo de Andeade

Lugar Casa Grande 1, Santiago de Andeade

Touro

Telf.: 981 517359

reservas@pazodeandeade.com

www.pazodeandeade.com

Prezo: 25 euros

**Prato único:** Cocido completo. **Sobremesa:** Filloas recheas e orellas. **Bebidas:** Viño de D.O. Galega. **Outros:** Café.

*É preciso facer reserva deste menú.*

*Servirase o cocido desde o 30 de xaneiro ao 28 de febreiro de 2016 durante as fins de semana.*

### Entroido gastronómico no concello de Vedra

#### Restaurante Parrillada Aldea Grande

Agrelo 11, Santa Cruz de Ribadulla Vedra

Telf.: 669523488

raldeagrande@gmail.com

www.restaurantealdeagrande.es

Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido (carne de porco celta), grelos, repolo, garavanzos, chourizo, filloas e patacas. **Sobremesa:** Filloas e orellas de Entroido e queixo con marmelo. **Bebidas:** Viño mencía DO Rías Baixas-Subzona Ribeira do Ulla (Pazo de Galegos), auga, refrescos.

*É preciso facer reserva deste menú.*

#### Restaurante Roberto

Cibrán 17, San Xulián de Sales Vedra

Telf.: 680108028

restauranteroberto@gmail.com

www.restauranteroberto.com

Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Caldo de cocido. **Segundo:** Cocido completo. **Sobremesa:** Filloas recheas. **Bebidas:** Viño ribeiro branco e tinto. **Outros:** Café e licores.

*É preciso facer reserva deste menú.*

#### Restaurante Villa Verde

Figueirido 10, A Ponte Ulla Vedra

Telf.: 981512652

reservas@villa-verde.es

www.villa-verde.es

Prezo: 35 euros

**Entrantes:** Aperitivo da casa. **Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido galego. **Sobremesa:** Sobremesas de Entroido. **Bebidas:** Viños de adegas D.O. Rías Baixas-Subzona Ribeira do Ulla, bebidas, café e licores IXP.

*É preciso facer reserva deste menú.*

#### Pazo Vista Alegre

A Ponte Ulla Vedra

Telf.: 610529590 / 610529593 / 981512078

info@pazovistaalegre.com

www.pazovistaalegre.com

Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Croquetas e empanada. **Primeiro:** Caldo ou sopa de cocido. **Segundo:** Carne de porco, polo, tenreira (costela, cacheira, lacón, chourizo, carne fresca), grelos, patacas e garavanzos, filloas. **Sobremesa:** Filloas doces, orellas, queixo con marmelo. **Bebidas:** Viño mencía, auga, cervexa, refresco, zumes.

*É preciso facer reserva deste menú.*



### Entroido gastronómico no concello de Vila de Cruces

#### Casa Castro

R/ Soto, 15

Vila de Cruces

Telf.: 986582085

rcasacastro@gmail.com

Prezo: 25 euros

**Prato único:** Cocido galego. **Sobremesa:** Sobremesas caseiras (filloas con mel, filloas acarameladas, buñuelos, canas). **Bebidas:** Viño mencía da casa. **Outros:** Café, chupitos e queimada.

*É preciso facer reserva deste menú.*

#### Casa Don Din

R/ Manuel Iglesias 19

Vila de Cruces

Telf.: 986592608

info@casadondin.com

www.casadondin.com

Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido con patacas, grelos, lacón, orella, chourizos, garavanzos, tenreira, cacheira, touciño entre-febrado, costela. **Sobremesa:** Filloas, orellas, rosquillas, canas recheas de crema e queixo con marmelo. **Bebidas:** Viño ribeiro ou mencía da casa. **Outros:** Café e chupito da casa.

*É preciso facer reserva deste menú.*



### Casa Lodeiro - “A de Rafael”

R/ Capela 14  
Vila de Cruces  
Tfn.: 986583581  
Prezo: 25 euros

**Entrantes:** Caldo, sopa, croquetas, chicharróns. **Prato único:** Cocido con patacas, grelos, lacón, cacheira, rabo, costela, pezuña, orella, chourizos, chourizos ceboleiros, castañas, garavanzos, xarrete, galiña. **Sobremesas:** Queixo con marmelo, cañitas de Cerviño, tarta de queixo ao forno, tarta de froitas do bosque, melindres, filloas recheas e flamexadas con ron. **Bebidas:** Refrescos. **Outros:** Cafés e licores.  
*É preciso facer reserva deste menú.*

### Restaurante Galicia

Praza Martín Herrera, 7  
Vila de Cruces  
Telf: 986582143  
Prezo: 25 euros

**Primeiro:** Sopa de cocido. **Segundo:** Cocido galego. **Sobremesa:** Filloas e cañas recheas. **Bebidas:** Viño mencia, albariño caseiro. **Outros:** Cafés e chupitos.  
*É preciso facer reserva deste menú.*

### Restaurante O Refuxio

Reboreda, 20 - Merza  
Vila de Cruces  
Telf: 986583572  
www.refuxio.com  
Prezo: 25 euros

**Entrante:** Croquetas de roupa vella. **Primeiro:** Empanada de lacón con grelos. **Segundo:** Cocido con todo tipo de carne tradicional, acompañado de patacas, verdura, repolo e chourizo. **Sobremesa:** Sobremesas típicas (orellas, filloas...). **Bebidas:** Refrescos e viño albariño e mencia. **Outros:** Café.  
*É preciso facer reserva deste menú.*



# Entroido turismo rural

PAQUETES TURÍSTICOS

## Dormir na Ulla no Entroido

Ademais da riqueza gastronómica e cultural, a Ulla dispón dunha ampla oferta de casas de turismo rural nas que poder descansar e gozar da tranquilidade e autenticidade desta zona.

Estas casas de turismo rural propoñen nestas datas diferentes programas de fin de semana que configuran a oferta especial de paquetes de turismo rural para gozar da Ulla na época do Entroido dos Xenerais da Ulla. Agardámoste!

## Por favor, ten en conta

- Os Paquetes Turísticos estarán dispoñibles os fins de semana de entroido do 30 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2016.
- Os seguintes datos foron facilitados polas propias casas de turismo rural da Ulla. O grupo dos oito concellos “Xenerais da Ulla”, que edita esta información, non se responsabiliza dos mesmos.
- Todos os prezos inclúen o IVE.
- Información válida agás erro tipográfico.

Infórmate máis en: [www.xeneraisdaulla.com](http://www.xeneraisdaulla.com)

## Entroido turismo rural no concello da Estrada

### Casa da Botica

Os Casares 7, Loimil  
A Estrada  
Telf: 677838858  
[42° 45' 09.65" / 8° 21' 51.71"]  
[info@casadabotica.com](mailto:info@casadabotica.com)  
[www.casadabotica.com](http://www.casadabotica.com)

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**  
Aloxamento en media pensión, para dúas persoas (non inclúe traslados nin entradas).

**Prezo: 180 euros (IVE incluído)**

### Venres

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción, entrega de material informativo e obsequio  
21:30 h. Cea na casa de turismo rural

### Sábado

Almorzo  
11:00 h. Visita recomendada ao Pazo de Oca  
14:00 h. Xantar libre  
16:30 h. Atranque de Xenerais e Correos da Ulla (Lamela, A Bandeira, ...)  
21:30 h. Cea na casa de turismo rural (a base de produtos do Entroido)

### Domingo

Almorzo  
12:00 h. Visita recomendada ao Mosteiro de Carboeiro e Fervenza do río Toxa  
14:00 h. Xantar libre (con posibilidade de encargalo na propia casa)  
16:30 h. Visita recomendada ao Entroido da Ulla: atranque de Xenerais e Correos da Ulla  
**Fin da estada**

### Torres de Moreda

Calobre  
A Estrada  
Telf.: 699339794  
[42° 41' 34.367" / 8° 26' 30.483"]  
[reservas@torresdemoreda.com](mailto:reservas@torresdemoreda.com)  
[www.torresdemoreda.com](http://www.torresdemoreda.com)

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**  
Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.  
Prezo por persoa en cuarto dobre. Traslados a cada actividade programada e entradas non incluídos.  
**Prezo en cuarto dobre: 99 euros por persoa (IVE incluído)**  
**Opcional 1 noite: 75 euros por persoa (IVE incluído)**

### Venres

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción e entrega de material informativo  
21:30 h. Cea libre

### Sábado

Almorzo  
11:00 h. Ruta “Andar aldea” visitando a sobreira e pazo de Valiñas, a burga, o monumento aos labregos e a fervenza de Calobre  
14:00 h. Xantar típico do Entroido  
17:00 h. Ruta da Camelia visitando o Pazo de Oca e o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla ou atranque dos Xenerais da Ulla na parroquia que coincide  
21:30 h. Cea libre

### Domingo

Almorzo  
11:00 h. Ruta da Sidra visitando plantación de maceiras ecolóxicas, lagar tradicional e degustación de sidra “Torres de Moreda” acompañada de táboa de queixo e embutido estradense  
14:00 h. Xantar libre  
18:30 h. Atranque de Xenerais e Correos na parroquia que coincide  
**Fin da viaxe**

### Valfresco

Curantes Novo 12  
A Estrada  
Telf: 651690473- 986681841  
[42.69986718,-8.38404894]  
[valfrescoturismorural@gmail.com](mailto:valfrescoturismorural@gmail.com)

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**  
Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.  
Prezo por persoa en cuarto dobre. Traslados a cada actividade programada e entradas non incluídos.  
**Prezo en cuarto dobre: 150 euros por persoa (IVE incluído)**  
**Opcional 1 noite: 80 euros por persoa (IVE incluído)**

### Venres

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción e entrega de material informativo  
21:30 h. Cea na casa de turismo rural

### Sábado

Almorzo  
11:00 h. Ruta pola parroquia visitando o busto do inventor da primeira calculadora e fervenza “do picho de Curantes”  
14:00 h. Xantar típico do Entroido  
17:00 h. Visita ao Pazo de Oca  
21:30 h. Cea na casa de turismo rural

### Domingo

Almorzo  
12:00 h. Paseo pola zona  
14:00 h. Xantar libre  
18:30 h. Atranque de Xenerais e Correos no concello de A Estrada  
**Fin da viaxe**

## Entroido turismo rural no concello de Santiago de Compostela

### A Casa da Torre Branca

R/ de Senande 45,  
San Martiño de Aríns  
Santiago de Compostela  
Telf.: 981549665  
[42° 52.075' / 8° 30.546']  
reservas@acasadatorrebranca.com  
www.acasadatorrebranca.com

- **Paquete de fin de semana (2 días e 1 noite) na Ulla.**

Aloxamento en cuarto dobre unha noite.

**Prezo para dúas persoas: 107 euros (IVE incluído)**

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**

Aloxamento en cuarto dobre dúas noites.

**Prezo para dúas persoas: 130 euros (IVE incluído)**

**Paquete de fin de semana (2 días e 1 noite) na Ulla**

Almorzo continental

Un cocido para 2 persoas (Sopa de cocido, cacheira, lacón, costela, chourizo, tenreira e polo, acompañado de garavanzos, patacas e grelos de Aríns)

Viño: mencia

Sobremesa: filloas e orellas

Cafés, infusións e chupitos

**Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla**

Almorzo continental

Un cocido para 2 persoas (Sopa de cocido, cacheira, lacón, costela, chourizo, tenreira e polo, acompañado de garavanzos, patacas e grelos de Aríns)

Viño: mencia

Sobremesa: filloas e orellas

Cafés, infusións e chupitos

## Entroido turismo rural no concello de Teo

### Casa Grande de Cornide

Cornide 82, Calo  
Teo  
Telf.: 981893044  
[42° 48' 24.217" / 8° 36' 9.868"]  
casagrandedecornide@gmail.com  
www.casagrandedecornide.com

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**

Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.

Prezo por persoa en cuarto dobre. Traslados a cada actividade programada e entradas non incluídos.

**Prezo en cuarto dobre: 99 euros por persoa (IVE incluído)**  
(Non incluídas as bebidas)  
**Opcional 1 noite: 54 euros por persoa (IVE incluído)**

**Venres**

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción e explicación histórica e cultural da Casa Grande

21:30 h. Cea na casa de turismo rural "Un cocido diferente" (filloa de grelos, cocido de "pataca", torrixa de pan inglés)

**Sábado**

Almorzo buffet

13:00 h. Viño galego con queixo e chourizo na adega Palomar

14:00 h. Xantar típico de Entroido, cocido tradicional galego

**Domingo**

Almorzo buffet

18:30 h. Atranque de Xenerais e Correos no concello de Teo

**Fin da viaxe**

*Datas: Desde 29/01/2016 ata 14/02/2016, suxeitos a dispoñibilidade.*

## Entroido turismo rural no concello de Vedra

### Casa Suárez

Ponte de Sarandón 2,  
San Mamede de Ribadulla  
Vedra  
Telf.: 981512548 / 609068441  
[42° 44' 55.108" / 8° 26' 56.671"]  
info@casasuarez.com  
www.casasuarez.com

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**

Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.

Prezo por persoa en cuarto dobre. Traslados a cada actividade programada e entradas non incluídos.

**Prezo en cuarto dobre: 70 euros por persoa (IVE incluído)**  
**Opcional 1 noite: 38 euros por persoa (IVE incluído)**

**Venres**

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción e entrega de material informativo

**Sábado**

9:30 h. Almorzo

11:00 h. Visita ao Couto de Ximonde camiñando por ruta de sendeirismo dende Casa Suárez

14:00 h. Xantar libre

16:00 h. Visita ao Pazo de Oca

**Domingo**

9:30 h. Almorzo

10:30 h. Visita gratuíta á Casa Museo da Pesca

12:00 h. Visita ao Pazo de Santa Cruz

14:00 h. Xantar libre

18:30 h. Atranque de Xenerais

**Fin da viaxe**

*Datas: 30 e 31 de xaneiro, 6, 7, 8, 9, 13 e 14 de febreiro de 2016, suxeito a dispoñibilidade.*



## Pazo Cibrán

Cibrán 6, San Xián de Sales  
Vedra  
Telf: 981511515  
[42° 48' 48.876" / 8° 30' 43.411"]  
cibran@pazocibran.com  
www.pazocibran.com

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**  
Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.  
Prezo por persoa en cuarto dobre. Traslados a cada actividade programada e entradas non incluídos.  
**Prezo en cuarto dobre:**  
**120 euros (IVE incluído)**

## Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla

2 noites de aloxamento na fin de semana en cuarto dobre con almuerzo incluído.  
Posibilidade de cear no restaurante Roberto o menú especial Pazo Cibrán.

## Entroido turismo rural no concello de Vila de Cruces

### Casa Don Din

R/ Manuel Iglesias 19  
Vila de Cruces  
Telf: 986582608  
[42°47'39.998" / 8°10'12.536"]  
info@casadondin.com  
www.casadondin.com

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**  
Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.  
Prezo por persoa en cuarto dobre. Traslados a cada actividade programada e entradas non incluídos.  
**Prezo en cuarto dobre:**  
**95 euros por persoa (IVE incluído)**  
**Opcional 1 noite: 60 euros por persoa (IVE incluído)**

### Venres

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción, entrega de material informativo e obsequio

21:30 h. Cea na casa de turismo rural

### Sábado

Almorzo

11:00 h. Visita ao Mosteiro de Carboeiro, a área recreativa a Carixa e Fervenza do Toxa

14:00 h. Xantar típico do Entroido

17:00 h. Visita á Solaina e Mosteiro de Camanzo

21:30 h. Cea na casa de turismo rural

**Domingo**

Almorzo

12:00 h. Visita ao Santuario do Corpiño

14:00 h. Xantar libre

18:30 h. Atranque de Xenerais e Correos na parroquia de Piloño, Merza ou Salgueiros (dependendo da data elixida)

**Fin da viaxe**

*Datas: 29, 30 e 31 de xaneiro; 5, 6 e 7 de febreiro; 9 de febreiro; 12, 13 e 14 de febreiro de 2016.*

## Casa Torres

Besexos 23  
Vila de Cruces  
Telf: 986582122  
reservas@casaruraltorres.com  
www.casaruraltorres.com  
[42° 46' 55.70" / 8° 09' 57.25"]

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) en casa completa con capacidade ata 12 persoas en Vila de Cruces.**  
Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.  
**Prezo casa completa para 12 persoas (3 días, 2 noites): 321,54 euros (IVE incluído)**  
**Opcional 1 noite: 160,77 (IVE incluído)**

### Venres

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción e entrega de chaves. Información varía

### Sábado

Estancia en casa completa

Opción de:

Preparar o almuerzo, xantar e cea na propia casa, xa que está totalmente equipada para ese fin

Asistir a diversas actividades relacionadas co carnaval en distintas zonas do concello  
Percorrer diversas rutas de sendeirismo, etc.

### Domingo

Estancia en casa completa

Opción de:

Preparar o almuerzo, xantar e cea na propia casa, xa que está totalmente equipada para ese fin

Asistir a diversas actividades relacionadas co entroido en distintas zonas do concello  
Percorrer diversas rutas de sendeirismo, etc.

**Fin da viaxe**

## Casa San Ginés

Ferreirós 17  
Vila de Cruces  
Telf: 986582370-699967310  
[42.81068,-8.193421]  
reservas@casasangines.com  
www.casasangines.com

- **Paquete de fin de semana (3 días e 2 noites) na Ulla.**  
Este programa verase modificado segundo sexan os atranques en cada Concello.  
Prezo por persoa en cuarto dobre. Traslados a cada actividade programada e entradas non incluídos.  
**Prezo en cuarto dobre con almuerzo: 136 euros por persoa (IVE incluído)**  
**Prezo en cuarto dobre con almuerzo e cea: 200 euros por persoa (IVE incluído)**  
**Cocido completo de entroido: 30 euros**

### Venres

Chegada á casa de turismo rural  
Recepción e entrega de material informativo  
21:30 h. Cea libre ou na casa de turismo rural (a elexir)

### Sábado

Almorzo

11:00 h. Visita á Fundación Neira Vilas

14:00 h. Comida libre

17:00 h. Visita á Fundación A Solaina

21:30 h. Cea libre ou na casa de turismo rural (a elexir)

### Domingo


Almorzo

12:00 h. Visita á área recreativa de A Carixa

14:00 h. Xantar libre

18:30 h. Atranque de Xenerais e Correos no concello de Vila de Cruces

**Fin da viaxe**



Promove:



CONCELLO DE A ESTRADA



CONCELLO DE BOQUEIXÓN



CONCELLO DE SANTIAGO



Concello de Silleda



CONCELLO DE TEO



CONCELLO DE TOURO



Concello de Vedra



CONCELLO DE VILA DE CRUCES

Patrocina:



Colabora:

